


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

14-15 de decembro do 2024

III DO TEMPO DO ADVENTO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 38** *Que veña Deus á nosa terra*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza co desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Estamos xa na terceira semana do advento, o Nadal está moi cerca, e nós esperamos o encontro co Xesús Neno. Preparámonos para acollelo porque El quere compartir a súa vida con nós, quere ser parte de nós.

Seguimos abrindo ventanas na nosa casa do taboleiro, porque queremos ser fogar acolledor. San Paulo váinolo insistir: “Estade alegres, repítovolo, estade alegres, porque o Señor está cerca”.

No Evanxeo, Xoán o Bautista, aconsellaba a cada quen o que tiña que facer para encontrarse co Mesías e atopar sentido auténtico á vida.

E nós que temos que facer?.

Deixemos que a celebración de hoxe nos axude a descubrir que feitos se esperan da nosa vida.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A coroa do advento está sendo signo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco estamos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que veña a luz** á nosa terra”

Monitor/a:

Hoxe deixámonos alumear polas persoas que transmiten e son testemuñas de alegría:

- * agradecemos a labor de quen pon un sorriso cando comparte cun veciño, cando dá unha man na parroquia, cando colabora en familia,
- * agradecemos a labor de quen pon agarimo cando colabora con organizacións que traballan polo ben de cantos se senten empobrecidos,
- * agradecemos a labor de quen pon un sorriso e non se deixa levar pola rutina.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que medre a luz** na nosa terra”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Pousamos nas mans de Deus os nosos esforzos por facer as cousas mellor dispostos a demostrar con feitos que queremos acoller ao Xesús que está a vir para facerse fogar de Nadal.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai,
xa ves como o teu pobo espera con fe
o nacemento do teu Fillo.

Encamiña o noso corazón
cara á ledicia de tan grande misterio,
para que así celebremos a nosa salvación
cun espírito verdadeiramente novo.

Pedímoscho por Xesucristo
que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

O apóstolo Paulo, repítenos que temos que estar alegres sempre xa que o Señor está a chegar e así a paz de Deus estará nos nosos corazóns.

Xoán Bautista aconsella a cada un segundo as súas necesidades e a razón que da é que Xesús está xa no medio de nós e temos que descubri-lo. Esa é a Boa Nova que el anunciou.

Nós que teremos que facer?.

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás:

Estade sempre alegres no Señor. Repítovolo: estade alegres. Que todo o mundo vexa o bos que sodes. O Señor está a chegar. Non desacougedes por cousa ningunha. En todo presentádelle a Deus as vosas peticións con oracións de súplica e acción de grazas. E a paz de Deus, que supera toda intelixencia, custodiará os vosos corazóns e os vosos pensamentos en Cristo Xesús.

Palabra do Señor

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor* **SALMO**

(*en pé*) *Leccionario I-C páx 10* Lc 3, 10-18 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, a xente preguntáballe a Xoán:

- E logo, que temos que facer?

El respondíalles:

- O que teña dúas túnicas, que as reparta con quen non teña ningunha; e que faga o mesmo o que teña que comer.

Foron tamén uns recadadores a se bautizar, e preguntáronlle: - Mestre, que temos que facer?

El contestoulles:

- Non esixades nada máis do que vos está mandado.

Tamén uns soldados lle preguntaron:

- E nós, que temos que facer?

El contestoulles:

- Non asoballedes nin saqueedes a ninguén, e contentádevos coas vosas pagas.

Como o pobo estaba esperando polo Mesías, empezaba a pensar se acaso non o sería Xoán; pero el declarou diante de todos:

- Eu bautízovos con auga, pero está a chegar o que é máis forte ca min, e a quen eu non son digno de lle desatar os amallós do seu calzado. El havos bautizar con Espírito Santo e con lume. Porque trae a forcada na man, para limpar a súa eira e recoller na hucha o seu trigo; pero a palla ha de a queimar no lume que nunca apaga.

Con esta e outras moitas exhortacións anunciáballe a Boa Nova á xente.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Presentación do taboleiro FOGAR DO NADAL



Coa súa axuda deste taboleiro estamos preparando o FOGAR DO NADAL.

Xesús achégase, e nós seguimos abrindo pouco a pouco o noso fogar para que Xesús naza e se faga á nosa beira.

Como signo da igrexa acolledora que cremos vale a pena ser, **abrimos a terceira semana do advento.**

NÓS, QUE TEMOS QUE FACER?

COMPARTE E ALÉGRATE



3ª advento
NÓS,
QUE TEMOS
QUE FACER?
COMPARTE
E
ALÉGRATE

Velaquí o que hoxe nos propón este advento:

COMPARTE:

* porque quen comparte abre o seu corazón e a súa

vida máis alá do individualismo que estamos a vivir,

* porque quen comparte non se deixa levar do consumismo ao que esta sociedade nos incita,

* porque quen comparte sabe facer FOGAR de Nadal,

* porque quen comparte cre que Xesús quere facerse á nosa beira.

ALÉGRATE:

* porque quen se alegra sabe desfrutar de cada momento que a vida nos ofrece,

* porque quen se alegra transmite esperanza e entusiasmo a quen ten á súa beira,

* porque quen se alegra dá exemplo da ilusión coa que temos que vivir o bo e mesmo os atrancos da vida,

* porque quen se alegra cre que o mellor que nos pode pasar é que Xesús naza á nosa beira. Somos o seu FOGAR

Mantemos un momento de reflexión e silencio

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial, querendo facer igrexa de fogar, preparámonos para acoller a Xesús noso Salvador. O credo de hoxe amosa os feitos nos que queremos facernos cribles:

♪ **Si, creemos**

Monitor/a:

Credes en Deus Pai, que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Si, creemos

Credes en Xesús, que se achega a todos nós convidándonos a estar alegres pola súa Boa Nova, e que nos alenta a rachar coas rutinas?

Si, creemos

Credes no Espírito de Deus que nos alenta a compartir cos de corazón roto e a loitar pola dignidade de todos?

Si, creemos

Credes na igrexa, comunidade e terra na que o Señor fai saír gromos de paz e fai brotar as sementeiras da xustiza e da alegría?

Si, creemos

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus. Quen espera nel faise fogar acolledor. Oremos dicindo:*

VISITA AO TEU POBO, SEÑOR

Monitor/a:

✓ Rezamos cos homes e mulleres que nos lugares onde non hai futuro traballan para que haxa máis pan, máis paz e máis xustiza, e agradecemos o seu bo exemplo. Oremos

✓ Rezamos coas persoas que teñen responsabilidades de goberno: para que, procurando o ben común, axuden a construír camiños de paz e trato digno. Oremos

✓ Rezamos coas persoas que para nós son unha luz e un apoio grande na vida, e agradecemoslle que non cansen de facer o ben. Oremos

✓ Rezamos coas nosas familias, cos nosos veciños e veciñas, pois queremos seguir facendo irmandade cristiá nas cousas da vida de cada día, e agradecemos poder seguir dando unha man. Oremos

✓ Finalmente rezamos esforzándonos polo ben das nosas aldeas, os nosos montes, a nosa natureza. Querémola coidada, viva e dándonos vida. Oremos

Celebrante: *Amósanos, Pai, a túa misericordia e dános a túa salvación en Xesucristo, con quen queremos ser Fogar de Nadal, por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus camiña cerca. Cerca de quen é capaz de amosar un sorriso a pesares das dificultades da vida, cerca de quen é capaz de loitar con valentía por defender a cantos son tratados inxustamente, cerca de quen camiña na procura dunha Boa Nova que se fai realidade. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos querendo ser igrexa de fogar rezamos como o aprendemos en Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Esperamos a túa paz Señor para que tamén nós poidamos transmitila a tantas persoas que viven sen esperanza. Ser fogar acolledor na fe é selo contigo Señor, é selo con todos os homes e mulleres, e é selo coa alegría de facer ben como nos lembra a ventana de hoxe do noso fogar de nadal. Deámonos a PAZ.*

♪ n° 38 Que medre a paz

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartimos a Boa Nova coa que Deus nos agasalla. Fagamos sitio a Aquele que quere nacer no medio de nós no Nadal.*

Ditosos nós que hoxe somos a igrexa do fogar que quere compartir e alegrarse arredor desta mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ n° 38 *Que medre o amor (o ben, a fe, ...)*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, pedimos que volvas para nós os teus ollos compasivos e cheos de agarimo.

Fai que o noso compartir de cada día nos achegue a celebrar con verdadeira ledicia as vindeiras festas do Nadal.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

A nosa celebración de advento alégranos porque o Señor está moi cerca.

A nosa celebración de advento é rachar as rutinas para compartir a fe facendo fogar.

A nosa celebración de advento é ser tamén unha ventana aberta para facer da nosa Unidade Pastoral unha comunidade acolledora con todos.

Como signo de que queremos facer sitio a este Xesús que se achega imos levar con nós esta ventana aberta.

Repartimos as ventanas da terceira semana de advento

Coa ventana que levamos levamos tamén un sorriso para non deixar que a vida nos siga enchendo de rutinas.

Levemos tamén unhas mans farturentas e agradecidas polas cousas boas que somos capaces de facer. Non deixemos pasar os días sen poñer a alegría e os feitos necesarios vivir o encontro co Deus do Nadal.



3ª advento

**NÓS.
QUE TEMOS
QUE FACER?**

**COMPARTE
E
ALÉGRATE**

*Palabras
do evanxeo
de hoxe*

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

Podémonos ir en paz